

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE OUTUBRO DE 2013**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día nove de outubro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA (incorpórase á sesión no punto número 16/722 da orde do día) e DON MANUEL NUÑEZ LÓPEZ (incorpórase á sesión no punto número 17/723 da orde do día). Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 2 de outubro de 2013.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.-** Acórdase conceder a licenza municipal de instalación e apertura dun laboratorio de análise química na avda. Benigno Rivera, número 56.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz 77, polígono 499, sita no núcleo rural de 5.3 de Viador, parroquia de Anxos; para a demolición de muro medianeiro e a súa reconstrución con cachotería de lousa e pezas de termoarxila, axustándose ás condicións da licenza de obra 895/12, en solo urbano, na rúa catedral, número 16; para acondicionamento do edificio para centro asociado da UNED de Lugo, sito na Tolda de Castela; para reforma interior e cambio de uso de local de oficina a local comercial, no edificio sito na praza de Santo Domingo, número 9, e rúa San Marcos, número 2; para a reforma interior na planta 5ª e cambio de uso dun local na planta baixo cuberta destinado a rochos para transformalo en vivenda vinculada á inmediatamente inferior, no edificio con licenza número 771/86, sito en solo urbano na rúa da Raiña, número 9; para a reestruturación de planta 4ª e substitución de cuberta no edificio sito en solo urbano na rúa Nova, número 24, e praza da Soidade, número 13; para a reforma de fachada e mellora de accesibilidade na óptica sita na rúa Conde Pallares, número 2; para reforma de fachadas e reforma interior de local de planta baixa para tenda de alimentación e café bar no edificio sito na rúa Camiño Real, número 3, e ronda da muralla, número 117; para reforma interior de vivenda, piso 1º dereita, do edificio con licenza número

Código Seguro de verificación:WdFoDPYaqY3/RRViptSCVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	15/10/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/4
 WdFoDPYaqY3/RRViptSCVg==			

214/77, sito en solo urbano, na rúa Dinán, números 2 e 4 e para legalización de reformas consistentes na redución da superficie ocupada na fachada principal da nave industrial con licenzas números 298/09 e 90/10, sita na avda. Benigno Rivera, s/n.

**ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. PERSOAL.-** Acórdase a modificación do acordo 22/678 adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 18-09-2013.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a prórroga do contrato administrativo asinado coa empresa para a prestación do servizo de control da calidade de auga de consumo humano do abastecemento de Lugo polo prazo dun ano, contado dende o 29 de setembro de 2013, contado con efectos retroactivos.


Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación das obras de mellora do terreo de xogo de céspede natural e obras varias no campo de fútbol do Ceao e a apertura do procedemento de adxudicación.

Así mesmo, acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación mediante lotes da realización de actividades de ensinanza deportiva e servizos complementarios nas instalacións deportivas das Pedreiras e instalación deportiva municipal da polvoreira (lote 1), así como actividades de ensinanza deportiva e outras complementarias nas escolas e programas deportivos municipais nas instalacións de frígsa e outras instalacións deportivas municipais (lote 2). exercicio 2013 e da aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e a apertura do procedemento de adxudicación.

Do mesmo xeito, acórdanse as revisións de prezos para actualización do contrato suscrito coa adxudicataria da concesión de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento, correspondentes ao canon contractual para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2013 e o 30 de xuño de 2014, á ampliación do servizo de recollida no convenio de data 03/02/99 para o período entre o 1 de febreiro de 2013 a 31 de xaneiro de 2014, á ampliación do servizo de recollida no convenio do 02/09/02, dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2013, e á ampliación de diferentes servizos de limpeza e recollida que entrou en

Código Seguro de verificación:WdFoDPYaqY3/RRViptSCVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	15/10/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	WdFoDPYaqY3/RRViptSCVg==	PÁGINA 2/4

  
WdFoDPYaqY3/RRViptSCVg==

vigor o 1 de abril de 2007 para o período que vai do 1 de abril de 2013 ao 31 de marzo de 2014.

Acórdase a prórroga para o período comprendido entre o 23 de setembro de 2013 e o 22 de setembro de 2014 do contrato administrativo asinado coa empresa correspondente ao servizo de limpeza nos diferentes centros e dependencias municipais así como nos colexios públicos do concello de Lugo. lotes 1 e 2.

Tamén se acorda a aprobación da ampliación do orzamento para a execución do proxecto subvencionado polo programa operativo "Adaptabilidade e emprego" do fondo social europeo "Lugo emprego activo 2/Lugo emprego activo 2" e do seu presuposto, aceptación da ampliación da subvención e compromiso de cofinanciamento municipal, aprobación do gasto e nomeamento dos responsables da súa execución.

**5. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a rectificación da liquidación número 6376979 (1012/13) aprobada pola Xunta de Goberno Local, con data do 10 de xullo de 2013, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 1.213,13 €, pola rehabilitación de planta baixa con destino a uso de vivenda no edificio sito na rúa Rof Codina, 4, e rúa Montirón, 81.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para construír un alpendre para garda de material agrícola no núcleo rural tradicional de Milleirós+Pacios, parroquia de Santiago de Meilán.

**ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA**

**6. MERCADOS.-** Acórdase a cesión temporal de postos na Praza de Abastos.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do procedemento selectivo para a contratación dun/dunha técnico/a para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego (orde da Consellería de Traballo e Benestar de 10/04/2013).

- Tomar en consideración o ditame do Consello Consultivo de Galicia número CCG 650/13, no expediente relativo ao procedemento de revisión de oficio en relación coa sentenza número 207/2012 do Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo.

Código Seguro de verificación:WdFoDPYaqY3/RRViptSCVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	15/10/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	WdFoDPYaqY3/RRViptSCVg==	PÁGINA 3/4



WdFoDPYaqY3/RRViptSCVg==

**ACTAS E GOBERNO**

JACA/cvr

Refª: 13extractoxg49

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-10-2013

- Tomar en consideración o ditame do Consello Consultivo de Galicia número CCG 648/13, no expediente relativo ao procedemento de revisión de oficio en relación coa sentenza número 210/2012 do Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo.


- Tomar en consideración o ditame do Consello Consultivo de Galicia número CCG 647/13, no expediente relativo ao procedemento de revisión de oficio en relación coa sentenza número 214/2012 do Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo.

-Tomar en consideración o ditame do Consello Consultivo de Galicia número CCG 649/13, no expediente relativo ao procedemento de revisión de oficio en relación coa sentenza número 216/2012 do Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo.

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**

Código Seguro de verificación:WdFoDPYaqY3/RRViptSCVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	15/10/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	WdFoDPYaqY3/RRViptSCVg==	PÁGINA 4/4

  
WdFoDPYaqY3/RRViptSCVg==